

## LIBRO VIII DO CONTROL ANTIDOPAXE

### Artigo 1

Considérase dopaxe, de conformidade coa Resolución do 26 de xaneiro de 1995 do Consejo Superior de Deportes, os métodos non regulamentarios destinados a aumentar artificialmente as capacidades físicas dos deportistas ou a modificar os resultados das competicións.

### Artigo 2

Segundo as resolucións vixentes do Consejo Superior de Deportes, a listaxe de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos e de métodos non regulamentarios de dopaxe, de aplicación nas competicións de ámbito rexional ou fóra delas, aos deportistas con licenza para participar en ditas competicións, son as mesmas que figuran no Regulamento Xeral da Real Federación Española de Natación.

### Artigo 3

A FEGAN obrígase a asumir as eventuais modificacións que se poidan introducir de futuro no que se refire ao concepto de dopaxe.

### Artigo 4

A FEGAN poderá realizar o control antidopaxe en calquera das probas deportivas que figuren nos calendarios oficiais

### Artigo 5

A Comisión Antidopaxe poderá determinar, igualmente, a listaxe de competicións deportivas oficiais de ámbito rexional nas que será obrigatorio o control.

### Artigo 6

1. A recollida de mostras dun control de dopaxe en competición realizarase por un equipo designado pola FEGAN. O equipo estará integrado por persoas cualificadas e experimentadas na realización de ditos controis.
2. Para a designación das persoas que deban recoller as mostras nunha competición, a FEGAN terá en conta o sexo dos deportistas que deban someterse ao control.

## DA RECOLLIDA DE MOSTRAS

### Artigo 7

1. A Federación Galega de Natación poderá realizar o control antidopaxe en calquera das probas deportivas que figuren nos calendarios oficiais.

Así mesmo poderán efectuarse estes controis en adestramentos, concentracións e en calquera momento no que o deportista sexa requirido para facelo.

2. A Comisión Antidopaxe poderá determinar, igualmente, a listaxe de competicións deportivas oficiais de ámbito rexional nas que será obrigatorio o control.

### Artigo 8

Nas instalacións onde se celebren competicións incluídas no Calendario Oficial da FEGAN, habilitarase unha sala de control de dopaxe sempre que sexa necesario, debidamente sinalizada, que se utilizará exclusivamente para a

toma de mostrás.

Esta sala deberá estar provista do mobiliario necesario, así como de bebidas non alcohólicas, agás cervexa.

#### Artigo 9

1. As mostrás fisiolóxicas serán recollidas polos médicos designados pola Federación Galega de Natación para a competición da que se trate.
2. Os facultativos designados deberán presentarse debidamente acreditados pola Comisión Antidopaxe da FEGAN.

#### Artigo 10

1. A selección de participantes aos que se lles vai realizar un control farase por sorteo ao azar, por unha persoa designada pola Comisión Antidopaxe. Todos os participantes entrarán no sorteo.
2. O sorteo efectuarase antes do comezo de cada competición ou proba, con excepción do wáter-polo onde o sorteo terá lugar inmediatamente despois do comezo do último período do partido.
3. O sorteo será secreto, establecéndose os procedementos adecuados para garantilo.
4. A FEGAN poderá determinar a realización de controis antidopaxe, a todos aqueles deportistas que considere preciso, en función á súa clasificación deportiva en competicións oficiais ou ante a celebración de actividades de carácter nacional.

#### Artigo 11

Os procedementos de selección serán:

- a) NATACIÓN: O primeiro sorteo para as probas, logo para as eliminatorias e despois para o competidor.
- b) WÁTER-POLO: O primeiro sorteo para o partido, logo para o equipo e despois para o xogador.
- c) SALTOS: O primeiro sorteo será para a proba e despois para o posto.
- d) NATACIÓN SINCRONIZADA:

1.- Finais:

Solos: Sorteo para o lugar.

Dúos: Sorteo para o posto e logo para a participante.

2.- Eliminatorias: Sorteo para a participante en todos os casos.

#### Artigo 12

1. Despois do sorteo, unha persoa designada pola Comisión, escribirá o nome do participante nunha tarxeta de notificación e presentarálla ao competidor inmediatamente despois da súa participación na competición.
2. O participante confirmará o recibo desta tarxeta asinándoa e reterá unha copia. O momento da firma rexistrárase tamén na tarxeta.
3. O participante deberá presentarse na sala de control de dopaxe nos 60 minutos posteriores á notificación.
4. O participante pode ser acompañado por un representante do seu club.
5. O participante deberá amosar a súa tarxeta de identificación. O momento da súa chegada á sala de control será rexistrado no acto de realizar o protocolo de dopaxe.
6. Se o participante tivese que competir noutra proba inmediata, poderá, previa petición ao facultativo responsable, atrasar a súa chegada á sala de control ata 60 minutos despois da realización da súa proba final nesa xornada, e sempre, baixo a supervisión dun representante da sala de control.

### Artigo 13

1. No proceso de recollida da mostra dun participante só estarán presentes os médicos responsables do control e o do club ou o seu representante. Só se permitirá a presenza dun deportista na sala de recollida de mostras, e non poderá iniciarse outro novo ata que finalice o anterior, agás se a obtida fose insuficiente, e iso sexa factible sen detrimento da vixilancia médica.
2. Considerarase iniciado un proceso de recollida de mostras cando un dos participantes declare estar disposto a someterse a este. Unha vez finalizado o proceso de recollida de mostras o deportista deberá permanecer baixo a observación directa do médico ata obter a cantidade necesaria de ouriña.
3. Os médicos poderán facilitar bebidas ao participante que llelo solicite, sempre que non sexan alcohólicas, agás cervexa, estean hermeticamente pechadas e se abran nese preciso momento, polo propio interesado, para o seu uso exclusivo.
4. Os outros participantes deberán esperar dentro da zona de control, ata que secan requiridos ou declaren estar preparados para o proceso.

### Artigo 14

1. Ao iniciarse o proceso, o deportista poderá elixir un recipiente de ouriña pechado hermeticamente dunha serie de recipientes de mostras de ouriña.
2. Efectuada a elección polo participante, e unha vez que este estea disposto, procederase á toma directa da mostra. Deberase recoller un volume de 100 ml de ouriña, agás nos casos de dificultades especiais, que abondará con 70 ml, empregándose o tempo que fose preciso. A mostra obtida repartirase polo facultativo ou interesado, en presenza de ambos, entre os dous frascos de vidro, vertendo nun deles (frasco "A") 70 ml (50 ml como mínimo) e, no outro (frasco "B") 30 ml (20 ml como mínimo).
3. Cunha pinga de ouriña medirase o pH, pero nunca introducindo a tira na ouriña. No caso de que haxa que depositar a mostra nos frascos, deixaranse algunhas pingas no recipiente no que aquela se recollese, co fin de proceder á medición do pH. Concluída esta operación, o médico colocará unha etiqueta adhesiva en cada frasco, co correspondente código, que no caso de non ir con barras pode que asinase o médico previamente. Así mesmo, asegurase de que o frasco estea pechado, facendo para isto as necesarias comprobacións.

Procederase a completar na súa totalidade os datos da acta individual de recollida de mostras.

A este respecto, o participante e a persoa que o acompañe terán dereito a verificar que os números que se inscriben na acta se corresponden cos que figuran nos frascos e nas ventás dos contedores antes de selar estes últimos e que os mesmos estean correctamente pechados.

4. Realizadas aquelas operacións, introducirase cada frasco nun contedor individual e nas súas respectivas ventás colocará a tarxeta indicativa para diferenciar as mostras "A" e "B", sendo a primeira a de maior cantidade. En cada unha destas tarxetas, o médico porá unha etiqueta adhesiva co correspondente código e, se non leva barras, asinará enriba, de xeito que non poida ser substituída, pero evitando interferir a lectura do código.
5. De forma inmediata, e en presenza do deportista, o facultativo pechará os contedores cos precintos e, seguidamente, encherá definitivamente a acta individual de recollida de mostras, e nos seus exemplares asinarán as persoas implicadas, e farase constar o nome e número de identificación do deportista calquera dos asistentes.
6. Finalizado o proceso individual de recollida de mostras, o médico introducirá cada parella de contedores individuais noutro xeral. O contedor deberá pecharse cun precinto de seguridade; o seu código detallarase na acta correspondente.

### Artigo 15

En sobre dirixido ao Laboratorio de Control de Dopaxe do Consejo Superior de Deportes ou calquera outro Centro Oficial homologado, o médico introducirá os exemplares destinados ao devandito organismo (agás que se

coloquen nas ventás dos contedores) das actas individuais de recollida de mostras, así como a que contén a relación xeral de códigos.

#### Artigo 16

O Comité Organizador será o responsable do traslado das mostras ao Laboratorio de Control de Dopaxe do Consejo Superior de Deportes ou calquera outro Centro Oficial homologado, manténdoo nun lugar refrixerado.

#### ANÁLISE E COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

#### Artigo 17

1. A análise das mostras efectuarase, no devandito Laboratorio de Control de Dopaxe do Consejo Superior de Deportes ou calquera outro Centro Oficial homologado, polo seu persoal e aplicando os métodos esixidos polos organismos deportivos internacionais.

2. A análise da mostra "A" efectuarase inmediatamente despois da súa chegada ao Laboratorio, permanecendo a mostra "B" nel, debidamente conservada e custodiada, a fin de permitir a realización, no seu caso, dunha eventual segunda análise ou contraanálise, se se solicitase este último dentro do prazo regulamentario. Pasados dez días dende que finalice dito término, a mostra "B" poderá ser destruída.

#### Artigo 18

O Director do Laboratorio deberá facer entrega ao Presidente da Comisión Antidopaxe, dentro dos dez días hábiles seguintes ao da recepción das mostras, do resultado da análise da acta correspondente e dunha copia da recepción.

#### Artigo 19

1. Se unha mostra resulta positiva, pola presenza de substancias prohibidas, a comisión Antidopaxe informará ao participante e ao seu Club, dando fe e nun prazo non superior a corenta e oito horas hábiles, dende a recepción do informe do devandito Laboratorio.

2. O participante terá dereito a solicitar, de maneira confidencial e por procedemento que deixe constancia da súa recepción, ante o Presidente da Comisión Antidopaxe, nun prazo non superior a corenta e oito horas a contar dende a data de notificación aos interesados da cualificación positiva provisional do resultado da primeira análise, que se realice unha segunda, na que tanto o deportista como o club porán achegar canta documentación estimen oportuna, petición que deberá cursar o Presidente da Federación Galega de Natación no seguinte día hábil da súa presentación.

#### Artigo 20

1. A Dirección do Laboratorio comunicará, ao Presidente da Comisión Antidopaxe, data e hora de realización da contraanálise solicitada, que deberá levarse a cabo, coa mostra "B", no mesmo Laboratorio, pero con persoal diferente ao que realizou a análise da mostra "A", podendo estar presente o deportista e o seu club ou persoas nas que deleguen a súa representación, e un especialista nomeado por cada un deles. Un membro da Comisión Antidopaxe deberá estar presente na apertura.

2. En presenza das persoas que asistisen, deberá abrirse o frasco que conteña a mostra que vaia a ser obxecto de contraanálise, asinándose nese momento polos asistentes a correspondente acta de comparecencia na que poderán facerse constar as eventuais anomalías que, no seu caso, se detecten.

3. Quen exercese o seu dereito a estar presente na realización da contraanálise poderá permanecer no Laboratorio durante o transcurso de todo o proceso.

4. A FEGAN non sufragará os gastos que se deriven da realización da contraanálise.

## Artigo 21

Unha vez finalizado o proceso, o Laboratorio entregará as actas de comparecencia e de contraanálise ao Presidente da Comisión.

## DA COMISIÓN ANTIDOPAXE

### Artigo 22

A Comisión Antidopaxe da FEDGAN é o órgano que ostenta a autoridade e responsabilidade no control das substancias e métodos prohibidos na Natación Galega en calquera das súas especialidades, así como a aplicación das normas reguladoras da súa actividade.

### Artigo 23

1. A sede da Comisión é a propia da FEDGAN.
2. O Presidente, que será o da FEDGAN, dirixirá os debates coa autoridade propia do seu cargo.
3. En caso de empate, o seu voto será diriminte.
4. A Comisión estará formada por tres membros, incluído o Presidente, debendo, polo menos dous, ser profesionais da Medicina.
5. A convocatoria da Comisión correspóndelle ao Presidente, notificándose cunha antelación mínima de 48 horas, agás supostos de especial urxencia.
6. O Presidente designará un Secretario de entre os membros da Comisión.

### Artigo 24

1. Correspóndenlle á Comisión Antidopaxe, de xeito puntual, aquelas funcións que lle atribúa o presente Libro e demais disposicións que rexen a materia e, en xeral, e no ámbito da súa competencia, adoptar as medidas que estime oportunas para mellorar os mecanismos de prevención e erradicación de prácticas de dopaxe.
2. A Comisión está facultada para aclarar os casos dubidosos e resolver ao respecto, en todo o referente á determinación das substancias dopantes.
3. A Comisión deberá adoptar o cadro de axentes e dopantes aos posibles cambios ou ampliacións que estableza o Comité Olímpico Internacional.

### Artigo 25

Os acordos serán adoptados por maioría absoluta e non poderán tratarse temas que non figuren na orde do día, agás decisión de todos os membros.

### Artigo 26

1. Os membros da Comisión poderán facer constar na acta o seu voto contrario ao acordo do que se trate e o motivo que xustifique a súa discrepancia.
2. Cando se trate dunha proposta que se presente ante outro órgano, faranse constar os eventuais votos particulares xunto con aquela.

### Artigo 27

1. O Secretario levantará acta de cada sesión, especificando as persoas que interveñan, lugar e data de celebración, puntos principais de deliberación, resultado das votacións e contido dos acordos.
2. As actas deberán ir asinadas polo Secretario, co visto e prace do Presidente, e someteranse a aprobación

na seguinte reunión.

#### Artigo 28

1. Cando o Presidente da Comisión Antidopaxe, coñecendo os datos facilitados polo Laboratorio, advirta que nalgunha das actas de análises hai identificación de substancias, e que a súa presenza na mostra pode facer o resultado susceptible de ser cualificado como positivo, convocará a aquela en reunión de urxencia, para unha primeira e provisional avaliación dos datos e circunstancias.
2. Se a Comisión considera que procede cualificar provisionalmente o caso de que se trate como positivo, o Presidente ou membro expresamente por el designado procederá á decodificación dos datos que fosen facilitados, a fin de identificar ao deportista, ao cal, así como ao seu club, notificarase tal circunstancia, de xeito confidencial e por procedemento que deixe constancia da súa recepción.
3. O deportista terá dereito a solicitar ante a Comisión unha segunda análise na forma establecido no artigo 19 do presente Libro.

#### Artigo 29

1. Se se efectuase a contraanálise, a Comisión se reunirá en prazo non superior a corenta e oito horas, a contar desde o momento en que dispoña do resultado e, na devandita sesión, poderase elevar a definitiva a provisional cualificación positiva á súa renovación, notificando, en ambos os supostos, ao deportista e a ao seu club, e no primeiro, ademais, ao Comité de Competición da FEDGAN.
2. A Comisión comunicaralle ao Comité de Competición a renuncia do participante á contraanálise e os supostos nos que se puido obstaculizar o cont.